



RUTAS

PATRIMONIO CULTURAL GALEGO

ORTEGAL

Partida – chegada: Ortigueira (circular)
Distancia aproximada:

ITINERARIO:

- 1.- Ortigueira
- 2.- Porto de Espasante
- 3.- Estaca de Bares
- 4.- Porto de Bares
- 5.- O Barqueiro
- 6.- A Barbeita
- 7.- Campo da Feira (Mañón)
- 8.- Necrópole de Forno dos Mouros de Coriscada

EXTRAS:

- 1.- Máis aló
 - A Serra da Capelada e Ortegal
 - Outras propostas
- 2.- Informacións útiles

Lembra

- Non prendas lume
- Recolle o teu lixo
- Non saltes muros ou valados
- Protexe e respecta os animais e as plantas
- Goza e mira polo noso patrimonio; danalo non só é unha mágoa senón tamén un delito.

ORTEGAL

Un Como ben di o seu slogan turístico, Ortegal é a comarca secreta... Sen dúbida ningunha trátase dunha zona con moita sona polas súas paraxes espectaculares con montañas que se afunden no mar, pequenos portos e praias de area fina. Agocha, non obstante, un conxunto patrimonial moi interesante e diversificado, a miúdo esquecido polos visitantes, que a converte nun destino moi atractivo para aquelas persoas que buscan achegarse a ese aspecto da nosa cultura.

Esta é terra de poboamento antigo, como así o demostran os conxuntos tumulares que agroman nos cumios das serras ou os poboados castrexos que noutro tempo se asomaban á beira do mar. Boa parte do territorio pertenceu ao Condado de Santa Marta de Ortigueira, primeiro título nobiliario daqueles Sarmiento que logo presumiron do condado de Ribadavia. Pero aquí tamén se deixou sentir a forza dos bispos mindonienses ou dos abades de Xuvia, Meira e Pedroso que deron os primeiros pasos para a ocupación agraria desta comarca.

A ruta comeza en Ortigueira, vila condal, que conserva un elegante casco histórico que fala da vida dinámica e intensa das poboacións medianas da Galicia dos séculos XIX ao XX. Os pequenos portos da comarca, como Espasante, Bares ou O Barqueiro resumen nun espazo reducido a historia de moitos dos nosos pobos mariñeiros, ocupados desde antigo e sempre orientados ao mar e á explotación dos seus recursos, que deron lugar a unha forma de vida peculiar que se reflicte na arquitectura, no urbanismo ou nas tradicións.

E sempre presente atopamos un mar que se achega a costas antiquísimas, formadas hai millóns de anos e que confirman, en si mesmas, un tesouro xeolóxico. Nesta costa débúxanse tres espazos míticos: os faros de Estaca de Bares e Ortegal e o santuario ancestral de San Andrés de Teixido, onde vai de morto quen non foi de vivo.

Pero esta é, ante todo, unha ruta de fortes contrastes. Ao carón do mar e das rías esténdese un mundo fundamente ligado á terra con aldeas incrustadas nos montes que desenvolveron a súa forma de vida arredor, sobre todo, da gandería. Estas son as terras altas do Sor ou da Capelada, con vales estreitos e cumios nos que pastan as bestas bravas, como hai centos de anos. Moitos secretos agárdannos aquí para ser descubertos...

1. ORTIGUEIRA



A historia da vila de Ortigueira está inevitablemente unida á súa ría e aos peiraos que daban acubillo a naves mercantes e pesqueiras. No outeiro hoxe chamado Campo da Torre alzouse o castro sobre o que se construíu a poboación medieval. Nunha contorna eminentemente rural, Santa Marta _como se denomina nos textos antigos_ emerxeu como núcleo urbano no século XIII, posiblemente dentro da acción concertada de reis e señores para poboaar e dinamizar economicamente o litoral. Debeu de ser un pequeno burgo, acubillado na aba do monte, pechado por unha muralla e coroado polo castelo que se documenta nese século.

O rei Afonso X concedeu á veciñanza o privilexio de poder comerciar con portos estranxeiros, o que serviu de base ao crecemento da poboación. A concesión dun alfolí ou establecemento para a venda de sal no século XIV _do que moi poucos portos dispuñan en Galicia_ indica que naquel tempo este era un porto de referencia tanto no comercio internacional como na transformación e comercialización de peixe.

A veciñanza, de fundación señorial, estivo primeiro suxeita á xurisdición do condado de Trastámara e, malia que durante un século estivo baixo o mando dos reis, a mediados do século XIV pasou a mans dos Adiantados do rei en Galicia, os fidalgos de apelido Sarmiento. Un século despois estes cabaleiros incorporarían a vila e a súa xurisdición de pleno dereito aos seus dominios.

Os Sarmiento acabaron intitúlándose condes de Santa Marta e exerceron os seus dereitos señoriais

ata o final do Antigo Réxime no século XIX. Os seus oficiais tiñan a súa sede no castelo mais, con todo, a veciñanza rexíase en bastantes asuntos polos ditames do Concello e, mal que ben, o pobo foi medrando. Este era un pequeno núcleo de industria e comercio dedicado á exportación de madeira e produtos agrarios, o viño e a salga e escabechado de ostras, sardiñas e pescadas. O sector do mar despegou no século XIX, cando se consolidan as industrias de peixe na ría (en concreto en Cariño, pertencente a este concello).

As factorías de salga e conserva e os negocios subsidiarios trouxeron á vila un certo benestar económico que se reflicte na creación dunha nova cidade fóra das murallas. A construción da estrada Viveiro–Ferrol a mediados do s. XIX permitiu a Ortigueira consolidarse como núcleo de administración e servizos e, sobre todo, como foco cultural cunha actividade rica e intensa. Neste sentido, os capitais indianos non son alleos a este florecemento económico e social.

Non obstante, ao longo de todos estes anos o porto sufriu diversos atrancos. Os aportes sedimentarios motivaron obras constantes para mantelo operativo. Co tempo, só puideron recalar embarcacións de pouco calado, trasladándose parte da actividade a Espasante e, especialmente, a Cariño. Con todo, Ortigueira puido manter a súa posición, sendo aínda hoxe en día un dos grandes referentes da costa norte galega.

Oficina Municipal de Turismo: 981422089

A vila de Ortigueira divídese en dúas zonas ben diferenciadas que reflicten dous momentos históricos distintos: o barrio do Ponto _na aba do outeiro, máis antigo_ e a zona dos Cantóns e rúas adxacentes _entre o outeiro e a estrada nacional, máis nova-. A igrexa parroquial e o Concello actúan como elemento de transición entre as dúas áreas.

O **barrio do Ponto** está conformado por diversas rúas que soben cara ao Campo da Torre. Estas vías estreitas e en pendente conservan bastantes vivendas con formas tradicionais: edificios entre medianeiras, fachadas estreitas, etc. que responden á tipoloxía habitual das comarcas mariñeiras. Malia que unha parte importante das casas foron reformadas no século XX, algunhas conservan os vellos corredores ou as galerías que os substituíron. Este rueiro acomódase á topografía do monte e conta con tres referentes fundamentais: o peirao _no actual dique_, a antiga igrexa parroquial _que estaba ao carón do cemiterio_ e o castelo que coroaba o conxunto.

O castelo _situado no lugar que agora ocupa un muíño de vento_ controlaba toda a vila e a entrada principal do recinto amurallado, que estaba xusto debaixo. Todo o complexo fortificado comezou a desmantelarse no século XVIII, cando se sacaron pedras para diversas obras de interese xeral da vila. No século XIX o castelo desaparece por completo, aínda que os foxos e terrapléns que completaban a fábrica son hoxe en día ben perceptibles.

O CONDADO DE SANTA MARTA

O rei Xoán II concedeu en 1442 a Diego Pérez Sarmiento o título condal de Santa Marta de Ortigueira. Os Sarmiento acumularan para entón unha longa traxectoria de servizo á Coroa en Galicia, ata tal punto que o cargo de Adiantado Maior do Rei tiña carácter case hereditario entre os señores da casa.

Esta liñaxe antiga, con intereses en Galicia e Castela, emerxeu na segunda metade do século XIV, a raíz do conflito sucesorio no reino e do equilibrio de poderes que sustentou a Henrique II. A casa, malia un importante conflito na sucesión do primeiro conde de Santa Marta, consolidouse a finais do século XV e no XVI. O condado de Santa Marta foi incorporado ao de Ribadavia cando Bernardino Pérez Sarmiento acadou ese título. Co paso do tempo ambos os dous quedarían incluídos na liña sucesoria do Marquesado de Camarasa e na Casa Ducal de Medinaceli.

Dentro deste barrio un dos edificios máis sobresaíntes é o antigo hospital de San Roque. A construción actual corresponde ao século XIX, pero esta substituíu unha anterior que acollía a doentes e peregrinos, e que tiña ao seu carón unha capela _hoxe desaparecida_ na honra deste santo protector contra as epidemias. San Roque era o contrapunto ao hospital e capela da Magdalena, orientado ás doenzas da pel (lepra), e situado fóra da vila.

A Praza de Isabel II, terminada en 1857, constitúe o centro da vila co mercado e o antigo complexo monástico da orde de San Domingos. **O convento de San Domingos** comezou a levantarse a principios do século XIV, cando os frades chegaron a vila de Santa Marta, pero daquel conxunto medieval _situado ao carón dunha das portas de muralla_ non queda nada, posto que foi ampliado considerablemente no século XVIII. Esta obra supuxo unha igrexa e un espazo conventual totalmente novos.

A igrexa é un soberbio edificio rematado cunha esvelta torre e cun ciborio que delata o cruceiro.

Presenta unha soa nave, como é costume nos edificios desta orde, para favorecer que os fieis atendan as prédicas dos frades. A capela maior está dedicada á Virxe do Rosario _unha das devocións e prácticas litúrxicas máis fomentadas polos dominicos_, acompañada por San Domingos _fundador da orde_, San Francisco de Asís, San Pedro Mártir _quen gozou de gran devoción por ser protector dos campos e das colleitas fronte ás xeadas tardías_, Santa Rosa de Lima _mística e primeira santa de América, onde gozou de gran sona milagreira_ e Santa Catalina de Siena _tamén dominica, viviu unha vida de fe e experiencias místicas_. Este retablo foi realizado por Xoán Domínguez das Estivadas a partir de 1765.

Nas capelas laterais atópanse retablos dedicados a outras devocións: a Virxe do Rosario _cun fermoso traballo da madeira_, a Virxe do Carme _orixinalmente na honra de Santo Tomé de Aquino_, a Nosa Señora dos Dolores e Santa Lucía.

Ao carón da igrexa sitúanse as antigas instalacións conventuais que hoxe acollen a sede municipal e o Teatro da Beneficencia. A exclaustación dos relixiosos supuxo o abandono do convento. Á vista do crecemento da vila, o Concello reclamou o aproveitamento do templo dominico como parroquial, algo que sucedeu en 1849, e solicitou o uso do resto das dependencias como sede consistorial.

O Concello ocupa boa parte do que noutro tempo foi o corpo principal das instalacións comunitarias. Conserva, rehabilitado, o vello claustro e a sala capitular, hoxe salón de sesións. A ala norte do edificio monástico foi tamén recuperada para usos civís e en 1850 pasou a ser o Teatro da Beneficencia. Nos anos que seguiron acometéronse diversas melloras _caixa do escenario e pano, decoración do teito, etc._ encadradas no gusto romántico da época. Rehabilitado, o Teatro constitúe hoxe unha pequena xoia que amosa a vitalidade cultural desta vila na segunda metade do século XIX.

O dinamismo cultural de Ortigueira ao longo dos anos é incuestionable. O benestar económico das últimas décadas do século XIX e das primeiras do XX trouxo a moitas vilas galegas, ademais de reformas urbanísticas e novos comercios, un certo auxe das actividades culturais, que pasaron a ocupar un lugar importante no lecer e nos hábitos sociais das xentes máis acomodadas.

En Ortigueira o teatro é un claro síntoma deste fenómeno; tamén os diversos xornais que neses anos se publicaron: El Faro de Ortegal, La Voz de Ortigueira ou a Revista Ortégana, que testemuñan de maneira elocuente as inqedanzas da veciñanza e o crecemento da poboación. E algo permanece daquel tempo. A Escola de Gaitas de Ortigueira, fundada en 1975, é a máis antiga de Galicia. Hoxe esta dinámica agrupación conforma un referente no panorama da nosa música. E por iniciativa súa organizouse, hai xa 30 anos, a primeira edición do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

Fronte ao complexo monástico atópase o antigo mercado, inaugurado en 1917, que ocupa o lugar

do antigo cárcere. Trátase dunha marquesiña sinxela pero elegante, construída en ferro e madeira seguindo criterios de funcionalidade. Noutro tempo, entre as columnas había bancos de madeira nos que as vendedoras podían sentar ou pousar as mercadorías.

Aquí comeza a rúa Real que articula o crecemento da poboación a partir do seu aliñamento en 1849. Esta vía medrou ata se converter na actual estrada N-642, seguindo a antiga calzada da Madalena, que xunto coa da Curuxeira _unha das rúas que saen á esquerda_ era unha das entradas principais á poboación.

A nova rúa pasou a ser o centro do ensanche e nela construíron casa as familias máis importantes. Nesa segunda metade do XIX as alcaldías desenvolven unha importante actividade destinada a mellorar a imaxe da vila: encalado de fachadas, limpeza de muros, aliñamento de rúas, etc. Resultan especialmente salientables as vivendas que se levantaron nas últimas décadas do XIX e nas primeiras do XX, con balcóns e galerías de deseños dinámicos, molduras ou relevos decorativos, xogos de cores no revocado dos muros e diferentes acabados na pedra. As formas máis rectilíneas comezan a impoñerse na década de 1910, pero durante algún tempo convivirán cos adornos vexetais propios do gusto ecléctico.

Neste antigo Barrio das Cortes, que pasará a chamarse O Cantón, situarase o primeiro «paseo», ao que máis tarde se unirá a Alameda, na beira da ría. Aquí estaban tamén os establecementos máis importantes. O conxunto contrasta fortemente coas rúas adxacentes, onde poden recoñecerse as formas tradicionais de moitas vivendas. Á medida que nos achegamos á estrada xeral os edificios posúen un estilo máis contemporáneo e, ás veces, impersoal. Algúns deles, non obstante, recollen o eco das vangardas arquitectónicas dos anos 30-40 do século XX e do estilo racionalista: sinxeleza nas formas, materiais modernos (formigón) ou formas curvas e fracturadas. O antigo Cinema Fojo (na Avda. de Cuba) é un claro exemplo desta tendencia que está presente tamén noutras construcións, sobre todo na estrada N-642.

A uns metros do inicio da Avda. de Cuba está o Museo Ortegalia, dedicado a amosar e divulgar a historia das terras de Ortegal. Inspirado na figura de Federico Maciñeira, este espazo didáctico ten como elemento máis sinalado a cámara megalítica máis antiga de Galicia _aparecida na necrópole de Forno dos Mouros na Coriscada_. Ademais, este e outros xacementos, como o Castro de Punta dos Prados en Espasante, son explicados e reconstruídos virtualmente. Así mesmo, a singular historia xeolóxica da zona tamén ten o seu oco, xunto cos pormenores da investigación arqueolóxica que nos permiten coñecer a vida noutras épocas. Unha pequena colección etnográfica completa esta exposición que constitúe unha parada ineludible na visita á comarca.

Horario: de martes a venres de 11-14 h e de 17-20 h; sábados e domingos de 11 a 14 h.

A Alameda que bordea a ría merece tamén unha visita. Este espazo de lecer serve de punto de encontro da veciñanza desde a súa creación a principios do século XX. Aquí se sitúa o principal escenario do Festival de Ortigueira, o evento de música tradicional máis importante de Galicia.

O FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA

Cada verán milleiros de persoas acoden a Ortigueira a unha cita xa tradicional coa música que é un referente mundial do folk. Naceu hai trinta anos, por iniciativa da Escola de Gaitas e hoxe é un evento de Interese Turístico Internacional.

Malia o tempo pasado, o festival conserva algúns dos costumes que fixeron del un espazo distinto: a acampada libre, un programa de primeira magnitude que combina grupos consagrados e bandas emerxentes e as actividades culturais en paralelo. O Gaiteiro de Ortigueira de Francisco Leiro que preside o paseo marítimo é unha homenaxe ás xentes que o fixeron posible, aos músicos e a un

público fiel que ano tras ano se achega a esta vila.

Antes de dar por rematada a visita á vila cómpre achegarse á Biblioteca Municipal Juan Fernández Latorre, moi preto da rotonda de saída cara a Viveiro. Este fermoso edificio, construído entre 1906 e 1909, tiña como función inicial servir de grupo escolar: as aulas, separadas para nenos e nenas, debuxaban alas simétricas saíndo dun corpo central no que se situaban a biblioteca e as vivendas dos mestres. Todo o conxunto estaba pechado cun valado que incluía o campo de xogos.

Sáímos de Ortigueira pola AC-862 en dirección Viveiro/Ribadeo. Na recta onde está a estación de tren de Espasante tómase á esquerda o desvío que leva ao porto. Convén non internarse moito no pobo co coche, que pode quedar na rúa principal, na praciña que dá acceso á praia de San Antonio ou na estrada que segue ao peirao.

2. PORTO DE ESPASANTE

Aínda que o actual pobo de Espasante se desenvolveu no istmo que separa a Punta dos Prados do continente, é precisamente nun lateral desa península onde se atopan os restos máis antigos do poboamento na zona. Nun tempo posterior, a poboación buscou o varadoiro tranquilo da praia da Concha e, pouco a pouco, foi medrando ata ocupar, xa en tempos máis recentes, a estreita lingua de terra que a separa da praia de San Antón.



Espasante posúe unha longa historia vinculada ao aproveitamento da terra e, sobre todo, do mar. Así o testemuñan os achados do castro e a localización dunha fábrica romana de salga na praia da Concha, pero tamén as máis recentes factorías de transformación de peixe que aínda asoman na praia.

Ata tempos recentes, neste pobo existía unha floreciente industria dedicada á preparación da sardiña que salgada, escabechada ou en conserva saía cara aos portos do Levante español ou cara ao interior. Aínda hoxe en día, nestas augas existe un gran movemento de pescadores e mariscadoras.

Consonte á súa historia e tradición, Espasante é un dos pobos que mellor conserva a arquitectura mariñeira da zona. A parte máis antiga _recoñecible polas súas rúas estreitas_ presenta un certo aire urbano que lle vén do feito de que as casas se aliñan ao longo das rúas e calellas que soben da praia. Estas rúas, estreitas e con tendencia vertical, buscan aproveitar ao máximo o reducido acceso á rúa, compensado pola amplitude cara ao fondo. Moitas delas mesmo contan cun patio ou cun acceso a outra rúa ou praza. As máis habituais presentan dous andares cun corredor, en ocasións hoxe substituído por un balcón ou galería no piso superior, moitas veces finamente torneado.

O conxunto loce un aspecto colorido e recargado, típico das poboacións mariñeiras da comarca. Tamén, como moitas outras vilas mariñeiras, Espasante é un popular destino turístico.

O castro de Punta dos Prados atópase ao fondo da praia da Concha. Pódese chegar a el polo paseo, apreciando así as ruínas das antigas factorías de peixe. Ao carón da lonxa sitúanse o camiño e as escaleiras que dan acceso ao castro, que contén o Monumento con Forno mellor conservado de Galicia. O Castro de Punta dos Prados foi estudado por vez primeira por Federico Maciñeira, pero non foi escavado ata a década de 1980. Este traballo sistemático estableceu dous momentos distintos nos que o lugar estivo ocupado: un máis antigo no s. I a.C. e outro posterior, xa durante a romanización, nos s. I-II da nosa Era. Aquí foron descubertos diversos materiais cerámicos, ferramentas, fragmentos de puntas, muíños de man, restos de animais e moitas cunchas, que delatan un aproveitamento intenso dos recursos do mar.

Ao castro accédese por unha escaleira que permite salvar o desnivel entre o peirao e o xacemento. Desde ela os visitantes gozan dunha primeira panorámica do conxunto: á dereita, o contorno da muralla e os restos da calzada que cubría o acceso principal; á esquerda, outro muro de protección tras o que se sitúa o espazo habitacional con restos de vivendas. Enfronte, no terreo algo afundido que conformaba o segundo dos foxos _hai outro na parte de fóra da muralla exterior_, está a estrutura pétreo do monumento con forno.

Trátase, xa que logo, dunha poboación situada no extremo da península, o que lle proporciona unhas magníficas oportunidades defensivas. E alí onde non alcanza a natureza, a comunidade levantou un importante aparello defensivo.

OS MONUMENTOS CON FORNO

Estas edificacións termais, rexistradas tamén no norte de Portugal e en Asturias, son estruturas de certa complexidade que aparecen parcialmente soterradas e dividen o espazo interior en varios ambientes: vestíbulo, cámara e forno, aos que se engaden as canles que conducen a auga, o acceso desde o exterior e o depósito da madeira.

Non existe unanimidade entre os investigadores sobre a funcionalidade deste tipo de construcións. Uns sosteñen que son froito da imitación da práctica termal dos romanos. Outros, pola contra, defenden que se trata dun fenómeno autóctono ligado a costumes célticos; en concreto, relacionado cos rituais de iniciación dos guerreiros mediante baños de vapor e inmersión.

En calquera caso, a súa concepción e uso como espazo termal está fóra de toda dúbida. Foi nestas construcións _malia que non en Galicia senón nas citanias portuguesas_ onde apareceron as Pedras formosas, monolitos de grandes dimensións finamente esculpidos.

O monumento de Espasante é un dos máis completos que se conservan. Accédese a el por un espazo empedrado que conduce a un adro ou vestíbulo do que se conserva parte do piso lousado. Logo vén a antecámara, da que contemplamos o chan orixinal, que dá paso á cámara. No burato situado entre ambas as dúas estanzas atopárase _de existir_ a pedra formosa, que aquí non apareceu. A cámara conserva as pedras que serviron como arranque da bóveda que a cubría, levantada con lousas en fiadas. Aos lados do acceso había senllas arquetas e enfronte, nun nivel algo inferior, está a piscina de auga quente.

Un forno protexido con bóveda quentaba a auga que chegaba, cando menos, por dúas canles cuxos restos aínda se poden apreciar.

A volta ao pobo pode facerse ben pola estrada, ben seguindo o camiño que leva ao miradoiro da Garita, antigo fortín do século XIX. En calquera caso, á entrada do pobo paga a pena visitar a capela de San Antonio, un sinxelo edificio do século XVIII no que aínda na actualidade se celebra unha concorrida romaría o día do santo. Esta capela e a súa festa están unidas a unha das máis coñecidas tradicións deste pobo: o porquiño de San Antonio que se cría ceibo polas rúas, alimentado pola veciñanza, ata ser finalmente sorteado.

No camiño a Bares convén desviarse ata Loiba para coñecer os seus cantís escénicos que alternan con praias como as de Picón, Fabega ou Costa Brava. Desde hai décadas nesta zona desenvólvese a recollida de algas, sobre todo no verán, que son portadas ata a estrada por burros que, noutras estacións do ano, se poden ver nas proximidades das casas e nos prados.

Volvemos á AC-862 e na entrada da vía do Barqueiro tomamos á esquerda cara a Estaca de Bares. Pasada a vila de Bares seguimos os indicadores do faro (á esquerda). Existe un estacionamento na entrada do faro.

3. ESTACA DE BARES



O cabo de Estaca de Bares é un punto crucial da navegación ao marcar o límite setentrional da costa galega, como prolongación da Serra da Faladoira rendida aquí ao mar. Ao igual que no resto da zona, a paisaxe aparece modelada pola acción do mar e do vento que erosionaron a montaña ata debuxar cantís de grande altura. Trátase, ademais, dun espazo protexido, declarado Sitio de Interese Natural en 1933.

O cabo foi un referente inescusable á hora de trazar os rumbos nos tempos anteriores á navegación contemporánea. Por este motivo aparece reflectido nos portolanos medievais e na cartografía náutica posterior; e, por iso, tamén foi o primeiro punto da costa galega dotado dun faro, dentro do Plan General de Alumbrado Marítimo de 1847. O faro comezou a funcionar en setembro de 1850, sendo o primeiro sinal marítimo moderno na costa española.

O faro, que actualmente segue en funcionamento, sufriu bastantes transformacións ao longo dos anos, sobre todo, para mellorar a súa capacidade técnica e adaptar os seus espazos interiores. Pese a todo, consérvase o conxunto orixinal, ao que se engadiu en 1949 outro edificio, próximo ao estacionamento.

O complexo foi deseñado por Félix Uhagón e executado por Celedonio Uribe, autor de infindade de proxectos de obra pública na Galicia do século XIX. Dado que foi o primeiro faro, serviu de modelo para outros que se construíron nas décadas seguintes. O elemento máis importante é a torre coa luminaria, octogonal e de perpiaño, que funciona como peche do edificio en U que acolle a vivenda do torreiro e dos seus dous axudantes, os almacéns e outras dependencias. No centro ábrese un pequeno patio.

A uns centos de metros seguindo a pista asfaltada cara ao leste e pasadas as antigas instalacións militares, un camiño que se desvía da estrada indica o acceso aos muíños de Bares. Este complexo hidráulico é un dos máis interesantes do país, exemplo magnífico da habilidade e mestría dos nosos enxeñeiros populares e do seu bo facer á hora de atopar solucións axeitadas mesmo nas circunstancias máis complexas.

Trátase dun conxunto de 5 muíños que se alimentan dunha mesma levada de auga. Estes muíños irmáns aproveitan ao máximo os dous recursos naturais do lugar: unha canle de auga e un terreo de forte desnivel. Os muíños dispóñense en ferverza, de xeito que o caudal que sae do inferno dun entre na canle do seguinte e así sucesivamente ata que, ao final da cadea, o rego desemboca no mar. Ao igual que na actualidade, houbo tamén muíños de vento que aproveitaban a forza eólica para transformar o gran en fariña.

Estaca de Bares está catalogada como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e abrangue o tramo costeiro entre a praia de Bares e a de Eirón en Espasante. A estación ornitolóxica ao carón dos muíños é un lugar privilexiado para a observación dos milleiros de aves que en tempada cruzan esta zona nas súas viaxes migratorias.

Cantís, illotes, coídos e pequenos esteiros conforman un ecosistema de grande interese xeolóxico e biolóxico no que conviven a vida mariña, a avifauna, as matogueiras costeiras ou as dunas embrionarias. Boa parte deste espazo pertence tamén ao LIC (Lugar de Interese Comunitario) Punta Candeeira–Ortigueira–Estaca de Bares, integrado na Rede Natura 2000.

Tomando a estrada que pasa por diante da base militar e seguindo os sinais indicadores no cruzamento chégase ao antigo semáforo.

O **Semáforo de Bares** foi construído para enviar comunicacións aos navíos que atravesaban esta costa. Ata o desenvolvemento da telegrafía sen fíos, as mariñas mercantes e de guerra usaron diversos procedementos para comunicar cos buques, pero non foi ata o século XIX cando se dispuxo un sistema estandarizado. Un código internacional de sinais con bandeiras e unha rede de instalacións transmisoras–receptoras (os semáforos) permitiron comunicar mensaxes. O Plan General de Estaciones Semafóricas de 1887 supuxo a posta en marcha deste sistema en España que foi utilizado, sobre todo, pola mariña mercante para dar avisos sobre a posición dos buques ou a súa chegada prevista a porto. Este foi levantado no Facho de Maeda onde, segundo a tradición, desde tempo inmemorial queimábanse fachos para a vixilancia da costa e a orientación dos barcos. O complexo, deseñado por Adolfo Pequeño, comprende a estación de sinais, a vivenda dos técnicos e un camiño de servizo. A parte máis significativa é a torre de observación, hexagonal e de boa cantaría; a súa obra en pedra contrasta co caleado do resto da instalación, o que facilita a súa identificación na distancia. Ao seu carón estaba o mastro _hoxe desaparecido_ das bandeiras que transmitían as mensaxes chegadas polo telégrafo.

Este lugar ofrece un miradoiro excepcional sobre a ría do Barqueiro e o esteiro do río Sor. En primeiro plano está a illa Coelleira, na que noutro tempo houbo un mosteiro e na que hoxe está instalado un faro para axuda da navegación.

O MOSTEIRO DE SAN MIGUEL DA ILLA COELLEIRA

Esta casa monástica debeu de ser unha das moitas que se fundaron nos tempos altomedievais, cando grupos de homes e mulleres se apartaban da vida laica para entregárense á vida relixiosa, polo xeral en lugares afastados. A noticia máis antiga deste cenobio corresponde ao século XI, cando temos constancia da entrega de certos bens en beneficio da comunidade.

Nos séculos medievais o mosteiro foise facendo cun patrimonio relativamente importante, con propiedades no territorio que vai de Loiba ata Viveiro. Non obstante, a comunidade debeu decaer bastante, posto que contra finais do século XV o seu último prior consentiu a anexión da igrexa e dos bens a San Martiño de Mondoñedo. No século XVI patrimonio e dereitos foron incorporados ao cabido de Mondoñedo.

Retomamos a estrada e seguimos recto ata o cruzamento que hai na saída da vila de Bares. Tomamos á esquerda para baixar ao Porto de Bares. Pódese deixar o coche na entrada ou ben seguir ata o estacionamento do porto.

4. PORTO DE BARES



Desde que Federico Maciñeira recoñeceu este lugar, os estudosos coinciden en sinalar a antigüidade e riqueza histórica desta tranquila vila mariñeira. O porto sitúase sobre un asentamento do período romano, cando houbo aquí unha factoría de salga de peixe.

Esta relación co mar mantívose viva ata hoxe en día. Nos tempos medievais, o rei Ordoño II cedeu o porto aos bispos de Mondoñedo, coas súas xentes, peixerías e ostreiras. Desde entón e ata a Desamortización e a desaparición das xurisdicións privadas, a vila estivo baixo o señorío dos prelados. Á pesca habitual uniuse, no século XVI, a das baleas que pasaban entre novembro e febreiro preto destas costas. Foi ese un século difícil no que as guerras trouxeron ás costas corsarios e piratas que desanimaban a pesca e o comercio. O pobo mesmo foi saqueado en 1582 e a súa veciñanza foi a primeira en avistar as naves de Francis Drake, cando en 1589 atacaron as costas galegas, circunstancia que permitiu aos coruñeses preparar a defensa da súa cidade.

Concello de Mañón: 981414002

Virado ao mar, este pobo que foi o máis importante da parroquia, mantíñase tamén do traballo dos campos da contorna. Trigo, millo, centeo, coles e cultivos de horta aseguraban o sustento das familias e estaban moi presentes na paisaxe. Aínda na actualidade son perceptibles na aba do monte os socialcos que sustentaron hortos e cultivos. O resultado deste aproveitamento do medio é unha poboación na que se mesturan os elementos labregos e os mariñeiros. O pobo está conformado por rúas estreitas de casas endosadas que se protexen unhas ás outras do temporal e que se sitúan na parte máis protexida da enseada. Estas construcións responden ao modelo de vivenda tipicamente mariñeira, de dous andares cun corredor no piso superior. Hoxe en día, moitas delas foron transformadas, malia que é doado atopar algún exemplo e recoñecer as vellas formas dos corredores, agora transformados en balcóns, os fornos endosados aos muros e os hórreos. Tamén resultan moi significativas as elegantes casas levantadas nas primeiras décadas do século XX, de formas urbanas que simbolizan a puxanza da poboación do seu tempo.

OS HÓRREOS

A maior parte dos hórreos de Bares seguen o modelo denominado «tipo Mondoñedo», elaborados con pedra e madeira e, polo común, levantados sobre un celeiro, máis ou menos alto na busca dunha mellor aireación. Na súa fabricación empréganse xistos, lousa ou cachotes, o que fai necesario un revestimento exterior, antes de cal e agora de pintura, para darlles maior solidez. Os penais levan buratos de ventilación e a cámara faise de madeira. O tellado a catro augas é de lousado e, como sucede coas casas, vai reforzado con croios.

O edificio máis singular é a capela de San Pedro, apóstolo e patrón das xentes do mar, que está na parte alta do pobo. Trátase dunha construción sinxela e colorida que coroa o casarío.

O dique que protexe a praia e o porto de Bares é, segundo os expertos, antiquísimo. Uns propoñen que foi construído polos fenicios que frecuentaban as nosas costas camiño das terras do Norte. Outros afirman que foron os romanos os seus promotores. E hai mesmo quen defende que é unha obra natural. En calquera caso, parece evidente que o coído e o seu uso como abrigo para as embarcacións é antigo, posto que se alí atoparon testemuños tanto púnicos como romanos.

No outro cabo da praia está o lugar de Eirexa Vella, tamén chamado da Torre. Este promontorio foi longamente ocupado, xa que os traballos arqueolóxicos atoparon testemuños que abranguen do século IV ata o XVIII, incluíndo unha vila tardo-romana, unha necrópole e unha igrexa.

O XACEMENTO DE EIREXA VELLA

A vila tardo-romana presenta varias dependencias, unha delas co piso de mosaico con deseños xeométricos, e foi habitada entre os séculos IV e VI. Este espazo residencial estaba relacionado coa actividade de transformación do peixe que, segundo os expertos, se situaría no porto.

A igrexa foi a parroquial e os arqueólogos especulan coa súa posible construción en tempos dos visigodos, malia que os restos atopados son posteriores. No século XVII foi abandonada e trasladada á vila de Bares. A igrexa, segundo parece, era un edificio sinxelo, ao que lle correspondía un cemiterio, en uso entre os séculos VII e XVIII.

Os restos cerámicos aquí recollidos son de moito interese xa que, ademais do material romano, se atoparon cacharros procedentes das Illas Británicas que documentan a existencia dun comercio local con aquelas terras durante os séculos XIII-XIV.

5. PORTO DO BARQUEIRO



Este porto, situado moi próximo á desembocadura do Sor, dá nome á ría conformada polo afundimento do val e do esteiro dese río. A costa no lado coruñés é sinuosa, con poucos areas protexidos.

O Barqueiro foi historicamente a poboación máis importante do actual concello de Mañón, de aí que, xa no século XX, se trasladase a este lugar a capital municipal. Debe o seu nome ao feito de existir neste punto unha barca de pasaxe que permitía cruzar a ría a peóns e cabalerías. Pertenceu ata o século XIX á xurisdición do bispo de Mondoñedo, como o resto da parroquia de Mogor, integrada no couto de Bares que foi dado aos prelados no século XIX.

Segundo parece, a historia do Barqueiro, como a de moitas aldeas da nosa costa, transcorreu a medio camiño entre o mar e a terra, posto que os mariñeiros gañaban boa parte do seu sustento cultivando as terras próximas ás casas: centeo, millo, legumes e mesmo viña convivían nunha paisaxe na que tamén tiñan grande importancia os bosques, dos que saía madeira para a Armada real. Como noutros lugares do país, os mariñeiros formaban compañías para saíren a pescar, repartindo as capturas a quiñóns entre os homes e o armador, segundo o aparello e traballo achegado por cadaquén.

Concello de Mañón: 981414002

Este pobo conserva un fermoso conxunto de arquitectura tradicional. As súas son casas mariñeiras que se acubillan entre o monte e o mar. Moitas delas conservan o esquema antigo de planta terrea e un andar no que se abren corredores con balaústres ben traballados e coloridos. Outras substituíron os corredores por galerías ou mesmo por balcóns, pero conservan intactas as formas doutro tempo. Tampouco é raro detectar as portas de dúas follas horizontais, antano habituais nas casas labregas e mariñeiras do país.

Un paseo polas súas rúas permite descubrir algún que outro exemplo de casa terrea, o tipo máis antigo e sinxelo de vivenda, caracterizado pola aparencia compacta e por presentar unha ou dúas xanelas e, ás veces, ningún outro van salvo a porta. A súa austeridade é a chave do éxito deste modelo que perdura ata ben entrado o século XX. Da ampliación e do desenvolvemento deste esquema foron xurdindo os outros tipos de vivendas.

Como noutros lugares da costa galega, tamén aparecen casas con patín baixo o cal se gardaban apeiros ou que serviu _nos casos máis desenvolvidos_ como poleiro ou pequeno cortello.

Seguindo a estrada cara a Viveiro pode visitarse a ponte de ferro que une as dúas beiras do esteiro do Sor. Inaugurada en 1901, segue o estilo e os procedementos técnicos deseñados por Gustave Eiffel nalgunhas das súas principais obras.

Pouco despois de pasar o lugar de San Fiz un sinal á esquerda da estrada indica o lugar de Torre da Lama, onde se atopa a torre e o pazo da Lama. Aínda que non é visitable, desde o exterior e na baixada é doado recoñecer a fermosa finca e a súa colección de plantas ornamentais. Nela atópase unha das plantacións de camelias máis importantes do mundo.

A ruta remonta agora o río Sor seguindo a estrada AC-4401. Quen se achegue a ver a ponte pode tomar o ramal que sae á esquerda (volvendo) e que leva a San Fiz e de alí seguir ata dita estrada; en caso contrario basta volver á estrada xeral ata o cruzamento coa AC-4401. Á esquerda está sinalizado o desvío. Para chegar á Barbeita basta seguir uns 5 km, pouco despois de pasar a igrexa da Pastoriza está A Venta-A Barbeita.

6. A BARBEITA

O tramo A Pastoriza-A Barbeita agocha algúns elementos patrimoniais de certo interese. Estamos na parroquia de San Cristovo das Ribeiras do Sor, que como boa parte deste concello, é unha comunidade máis labrega que mariñeira. Pero Mañón é, ante todo, unha terra de marcados contrastes.

A capela da Pastoriza é unha construción sinxela, nacida da devoción popular. Máis adiante está o lugar da Venta, co seu aire urbano, estirándose ao longo da estrada, como é habitual nas poboacións desenvolvidas ao carón das novas vías do século XX.

A estrada rodea o pobo da Barbeita, que descende pola aba do monte achegándose ao río. As vivendas antigas son ben diferentes ás dos pobos da costa e dispóñense ao carón dos camiños que noutro

tempo levaban aos campos e ao monte. Nelas destaca a súa estrutura, moi semellante á das casas do interior e da montaña con volumes compactos e cubertas a catro augas.



As terras do Sor deseñan unha paisaxe de montaña e de pobos acomodados nas abas soleadas dos montes. Esta zona presenta relevos quebrados que se acentúan en lugares como Auga Caída, onde o río escava o seu camiño na rocha. O resultado é un poboamento disperso e xerarquizado: unhas aldeas grandes e outras pequenas froito, posiblemente, dunha expansión agraria e demográfica das primeiras.

O contraste entre as serras altas e os vales recollidos favoreceu este tipo de poboamento que goza dunha gran variedade de microclimas. Esta circunstancia percíbese na exuberancia de xardíns e hortos, nos cales se dan especies a priori pouco propicias como cítricos ou camelias. Xunto cos cereais e coa horta, a gandería e a explotación forestal completan as actividades da economía tradicional da zona. Noutro tempo cultivouse tamén o viñedo, hoxe desaparecido.

O edificio máis salientable da Barbeita é a escola, á beira da estrada, promovida pola Sociedad de Instrucción Luz de Riveras del Sor e inaugurada en 1927. Estamos ante unha construción sinxela pero certamente elegante, de fachada simétrica que reflicte o seu interior: a aula de nenos, a un lado, e a de nenas, ao outro. Esta sociedade, fundada en 1912, uniu a veciñanza emigrada na Habana para impulsar proxectos que mellorasen a súa parroquia natal. Deste xeito, ademais da escola, esta asociación promoveu a renovación integral do cemiterio parroquial.

Seguindo a estrada, á esquerda, un sinal indica a localización da igrexa parroquial de San Cristovo das Ribeiras de Sor. Trátase dun templo curioso situado nunha paraxe fermosa. A uns centos de metros está o lugar da Ponte, un dos pasos históricos do río Sor.

Hai unha pequena área recreativa na Barbeita, ao carón do río.

Retomamos a estrada AC-4401 seguindo os indicadores cara ao lugar de Caión-Campo da Feira. Hai que seguir uns 3 km tras pasar o cruzamento de Ortigueira, á esquerda.

7. CAIÓN

A parroquia de Santa María de Mañón ten a súa sede neste lugar conformado por unha aglomeración de casas que responden aos antigos lugares de Caión e da Igrexa. Por celebrarse aquí desde tempo inmemorial a feira, tamén se coñece como Campo da Feira.

Malia a súa aparencia de pobo novo –é evidente que se desenvolveu bastante nas primeiras décadas do século XX–, este lugar responde a un poboamento antigo, xa que a igrexa de Mañón era o principal referente da granxa que aquí tivo o mosteiro lucense de Santa María de Meira. Os monxes, como queda en demostrado na toponimia no caso das Grañas de Sor, foron os principais impulsores da ocupación das terras do Sor en tempos medievais. Eles cederon as terras en foro aos labregos que as traballaban e que quedaron suxeitos ao seu señorío.

Non obstante, co tempo, a xurisdición do territorio pasou a mans dos cabaleiros da liñaxe dos Sarmiento, condes de Santa Marta, pero os relixiosos continuaron levando as rendas da terra e de parte dos ingresos da igrexa. Coa erección dos municipios constitucionais no século XIX, a parroquia de Mañón aglutinou as terras da contorna e, tras varias modificacións, acabou conformándose o municipio actual. Este tivo a súa primeira capital no lugar de Carreira, na estrada Ferrol-Viveiro.
i Concello de Mañón: 981414002



O lugar estrutúrase en función dos vellos camiños que aquí se cruzaban, e que presentan como elemento catalizador a igrexa parroquial. Malia que perduran algunhas construcións cos típicos volumes cúbicos e con fachadas simétricas, abundan as casas construídas a principios do século XX. Estas poden distinguirse polos elementos decorativos de aire urbano: os balcóns de cemento ou os enmarques en cores de portas e ventás.

A carballeira que daba sombra ao campo da feira ocupa o centro da localidade. Ao seu carón atopamos un sinxelo e antigo cruceiro e un palco de música. Baixo as árbores acubíllanse dúas liñas de pendellos ou alpendres que servían para protexer os feirantes do sol e da choiva. Estas estruturas presentan as características típicas: materiais locais, planta rectangular, cun lado pechado, no que se apoian os taboleiros que serven de asento, e outro aberto, no que se dispón un beiril para pousar e amosar as mercadorías; e cuberta con lousado apoiado nun armazón de madeira e trabes. Ao carón destas estruturas permanentes, nos días de feira instalábanse outras máis versátiles que os feirantes levaban con eles.

Descoñécese a antigüidade da feira de Mañón, pero no século XVIII era unha das máis concorridas da contorna. É posible que esta a sexa anterior, aínda que non debe desbotarse que naceuse nese século, cando Galicia se inzou de feiras e mercados nos que as familias labregas buscaban un complemento ás súas rendas. Aquí, cada 4º domingo de mes viñan xentes de todas partes mais, sobre todo, tratantes de gando.

Ao fondo atópase o conxunto parroquial, composto pola igrexa e polo cemiterio. O templo é sinxelo e o edificio actual responde ás reformas realizadas, en particular, nos séculos XIX e XX que modificaron considerablemente a obra do século XVII. A igrexa conserva, non obstante, o pórtico lateral, tan habitual no norte de Galicia.

A un par de quilómetros está o miradoiro e a área recreativa da Auga Caída. Para chegar basta seguir os sinais á saída do pobo.

Á nosa esquerda queda agora o edificio monumental da Escola fundada pola Unión Mañonesa.


A Unión Mañonesa foi fundada na Habana en 1909, a iniciativa dos emigrantes deste concello. Como moitas outras sociedades da emigración tivo entre os seus obxectivos a promoción da educación gratuíta. A Unión levou a cabo, ademais, un importante labor asistencial, axudando aos homes e ás

mulleres do concello que emigraban a Cuba, e desenvolveu tamén accións destinadas á mellora e modernización da agricultura e da gandería ou á promoción da lectura. Co tempo, a sociedade chegou a ter varias sedes en Cuba, así como noutros lugares onde se asentou a veciñanza deste concello (Nova lorque, Brooklyn, Madrid ou A Coruña).

Volvemos á estrada AC-4401. Esta vez tomamos dirección ao Barqueiro durante uns 3 km; no cruzamento coa AC-4402 seguimos a dirección de Ortigueira. A 1 km está a Necrópole de Forno dos Mouros, nun lugar recoñecible polo sinal informativo que está á dereita.

8. NECRÓPOLE DE FORNO DOS MOUROS

Como sucede noutras penchairas, algunhas das serras que pertencen á comarca de Ortegaleira agochan conxuntos de túmulos dos tempos da cultura megalítica. Aquí, na Serra da Coriscada, foi localizado un complexo de 9 monumentos cunha antigüidade que, nalgún caso, supera os 6.000 anos. A maioría dos túmulos só se perciben pola súa forma redondeada que contrasta na paisaxe chá; e así sucede, por exemplo, co que está xusto detrás do sinal informativo.



MÁMOAS E DOLMENS

As mámoas e os dolmens foron construídos durante o período cultural denominado megalitismo, que comezou aló polo 4.000 a.C. Os seus construtores pertencían a pequenas comunidades que, ademais de cazar e recoller froitos silvestres, traballaban a terra, aproveitaban o mar e coidaban pequenos rabaños gandeiros. Eles foron os primeiros que deixaron a súa pegada permanente na paisaxe, cos seus monumentos funerarios.

Estes e outros testemuños prehistóricos causaron o abraio e a admiración dos que viñeron despois. Da necesidade de explicar a orixe destas construcións monumentais e as habilidades das comunidades que as levantaron naceu un dos legados máis fermosos da nosa tradición: ese universo paralelo de mouros e mouras con capacidades sobrehumanas, tesouros agochados e mil e unha historias.

Dous dos túmulos (os numerados 4 e 5) foron escavados e estudados e permiten un achegamento diferente. Sitúanse a uns 200 m do cruzamento, subindo a pista que sae á dereita.

O túmulo nº 5, o máis próximo á pista, posúe unha curiosa historia que o singulariza, xa que se trata en realidade de dúas estruturas. Aló polo 4.400 a.C. construíuse a primeira cámara funeraria, rodeada cun anel de pedras; moito máis tarde foi cuberta de terra conformando, xa que logo, o túmulo. Despois, o lugar foi reutilizado como base para unha segunda cámara que tamén sería cuberta con terra. Tras os traballos arqueolóxicos e de restauración, o conxunto recuperouse dos danos sufridos en tempos recentes, permitindo aos visitantes coñecer o aspecto antigo deste monumento que nos fala da longa duración da cultura megalítica e da perduración das súas comunidades.

A primeira cámara, a máis antiga datada en Galicia, foi trasladada e reconstruída no Museo Ortegalia, onde tamén se ofrece unha reconstrución virtual dos procesos construtivos.

Este cruzamento é un dos puntos significativos dunha antiga ruta, hoxe recuperada baixo o nome de Camiño dos Arrieiros, que unía As Pontes co porto de Bares, atravesando as serras de Faladoira e Coriscada.

Seguimos a estrada ata empalmar coa AC-6111 e chegar á AC-862. Desde aquí, virando á esquerda, vólvese a Ortigueira, onde termina o percorrido.

MÁIS ALÓ

1.- A Serra da Capelada e Ortegala

A lingua de terra que culmina no cabo de Ortegala acolle unha paisaxe monumental que acubilla pobos de gran beleza e pequenas xoias patrimoniais. O porto de Cariño, capital dun dos concellos máis novos de Galicia, ben merece unha visita. Esta vila ofrécenos unha arquitectura tradicional e vivendas e outras construcións dotadas desa elegancia tan característica das décadas anteriores a 1940, cando a repatriación de capitais americanos e as conserveiras trouxeron unha bonanza económica que mellorou substancialmente a vida das xentes.

Non moi lonxe está a punta de Ortegala, marabilla xeolóxica emerxida hai millóns de anos e cuxo relevo aínda hoxe é modelado cada día polo mar e o vento. Malia ser un referente antigo para os navegantes, este punto non foi dotado de sinais marítimos ata tempos recentes. A ruta dos miradoiros da Capelada, pese a que ten sempre o mar como referente, nunha das zonas de cantís máis altos da Europa continental, é un percorrido de montaña, de prados de altura con gando aínda ceibo. Antes de volver á AC-862 cómpre visitar o Santuario de San Andrés de Teixido e a vila de Cedeira. Teixido é un dos lugares relixiosos máis coñecidos e tradicionais de Galicia, cunha historia de peregrinación que se remonta aos tempos medievais. Este templo conserva unha parte antiga, do século XVI, pero boa parte do que hoxe vemos corresponde ao XVIII. O conxunto complétase coa fonte do Santo, debaixo do santuario, onde os romeiros beben a auga dos tres canos.

UN SANTUARIO PATRIMONIAL

Máis alá da súa orixe lendaria –unha aparición de Xesús a un San Andrés que vivía nestas terras–, Teixido acumula un riquísimo patrimonio inmaterial. Un vello camiño conserva as pegadas de romeiros e romeiras que por séculos chegaron ata aquí. Diversos costumes foron desenvolvéndose e engadíronse á obriga relixiosa de asistir á misa: poñer o santo, entregar exvotos, recoller a herba namoradeira (caravel mariño), levar as rosquillas do santo ou facerse cos sanandreses ou figuriñas de masa de pan que aluden a momentos da vida de San Andrés. Aínda na actualidade, por fe ou por tradición, son moitos os romeiros e as romeiras que chegan ao santuario, sobre todo en setembro, mes álxido da peregrinación.

- Oficina Municipal de Turismo de Cedeira: 981482187 (www.concellodecedeira.es).
- Oficina Municipal de Turismo de Cariño: 981405042/981405064 (www.concellocarino.org).

O buque «Aula do mar» do Concello de Cariño ofrece a posibilidade de percorrer a costa e coñecer a riqueza natural e paisaxística da zona desde outra perspectiva (reservas no 626 483 350).

2. Outras propostas

A comarca de Ortegal conta cunha importante oferta para coñecer mellor o noso patrimonio cultural e natural. Diferentes sendeiros permiten un achegamento aos espazos naturais ou, como sucede co chamado Camiño dos Arrieiros, recuperan antigas rutas de comercio hoxe rodeadas de elementos patrimoniais. Por outra banda, o Museo Etnográfico de Meixido (Ortigueira) conserva e expón unha interesante colección de obxectos relacionados cos oficios e coa vida tradicional. O municipio de Cerdido, o único totalmente interior da comarca, introduce un interesante contraste á ruta proposta, cunha arquitectura tradicional ligada a un clima máis severo, edificios de aire indiano ou a igrexa parroquial de San Martiño de Cerdido, de estilo gótico isabelino.

Fundación comarcal de Ortegal

(<http://www.comarcadeortegal.com/secciones/index.php?sec=grid&sub=7>)

Concello de Cerdido: 981411000/ 981411008 (www.cerdido.org).

Museo Etnográfico de Meixido: 981422258.

Horario: aberto os sábados e domingos de 10-14 h e de 17-20 h.

(http://www.concellodeortigueira.com/turismo/intro3.php?txt=m_meixido&lg=gal)

PREPARACIÓN DA RUTA

Información e servizos turísticos:

- Fundación para o desenvolvemento da comarca de Ortegal: www.comarcadeortegal.com
- Asociación para o desenvolvemento do turismo de calidade da comarca de Ortegal: www.turismodeortegal.com
- Fundación Ortegalia (www.ortegalia.es)
- Turgalicia: www.turgalicia.es

CONCELLOS:

- Cariño (www.concellocarino.org)
Paseo Marítimo (en tempada): 981405042 / 981405064.
Buque «Aula do Mar»: 626 483 350
- Cedeira (www.concellodecedeira.es)
R/ Ezequiel López 22: 981482187
- Cerdido (www.cerdido.org)
Felgasas – A Barqueira (Concello): 981411000/ 981411008
- Mañón (www.concellomanon.org)
Manuel Cora 1, O Barqueiro (só funciona en tempada): 981414002
- Ortigueira (www.concellodeortigueira.com)
AC- 862. Lugar de A Lagarea (á entrada vindo de Ferrol): 981 422 089

A web do concello permite a descarga dun pequeno plano da vila

www.concellodeortigueira.com/turismo/mapas.php?txt=turismo_monumentos&lg=gal

Museo Ortegalia:

aberto de martes a venres de 11-14 h e de 17-20 h; sábados e domingos de 11 a 14 h.
(http://www.concellodeortigueira.com/turismo/intro3.php?txt=m_arqueoloxico)

Museo Etnográfico de Meixido: 981 422 258. Aberto os sábados todo o día.
(http://www.concellodeortigueira.com/turismo/intro3.php?txt=m_meixido&lg=gal)